

# XIII CERTAMEN LITERARIO

## ROSA GÓMEZ

### Bases

1. Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado dos centros escolares, públicos ou concertados, do Concello de Ourense, dos seguintes niveis educativos: ESO, Bacharelato, Ciclos Medios e Superiores.
2. As obras deberán estar escritas en prosa ou en verso (relato breve ou poesía), en lingua castelá, ser orixinais, inéditas e individuais, de tema libremente elixido e coa seguinte extensión:
  - Os textos en prosa non excederán de cinco folios escritos por una soa cara con letra Times New Roman de doce puntos, xustificado e interliñado sinxelo.
  - Os textos de poesía non excederán de sesenta versos escritos coas mesmas condicións que os anteriores.
3. Os orixinais deberán presentarse nun sobre grande onde constará: título do traballo, prosa ou poesía, pseudónimo e nivel académico. E no seu interior nun sobre pechado, constarán os datos persoais do autor: nome, apelidos, nº DNI, teléfono de contacto, correo electrónico, curso e centro educativo.
4. Outorgarase un premio de narrativa a cada nivel educativo. O de 1º e 2º de ESO estará dotado con 100 €, o de 3º o 4º de ESO con 200 €, e con 300 € o de Bacharelato, Ciclos Medios e Superiores.
5. Así mesmo concederase un único premio de poesía de 300 €.
6. O importe dos premios concederase con cargo á aplicación orzamentaria 200 3340 48951 do orzamento municipal vixente.
7. O xurado poderá conceder as mencións que estime oportunas cos seus correspondentes diplomas e lotes de libros.
8. Se os traballos non reunisen a calidade suficiente, o xurado podería deixar deserta algunha modalidade.
9. Os traballos entregaranse na Concellería de Educación e Cultura, sita na Praza de San Martiño, nº 2- 1º. O prazo de presentación remata o 2 de maio de 2016 ás 14 h.

Será obrigatorio tamén, enviar o traballo en formato PDF ao correo electrónico: [educa.programas2@ourense.es](mailto:educa.programas2@ourense.es), especificando no asunto: título do traballo,prosa ou poesía, pseudónimo e nivel académico.

10. O xurado estará composto por profesorado dos departamentos de Lingua Castelá e Literatura de varios centros da cidade e persoal da Concellería.
11. A decisión do xurado e a entrega de premios faranse públicos nun acto oficial no Salón de actos do IES Blanco Amor, o 2 de xuño de 2016.
12. O Excmo. Concello de Ourense resérvase os dereitos de publicación e de edición das obras gañadoras.
13. A participación nesta convocatoria leva implícita a aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado que será inapelable.

Ourense, 29 de marzo de 2016